

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Convocatoria e bases do proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de traballadores/as sociais de carácter interino

ANUNCIO

Por Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 371/2026, do 13 de maio, aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de traballadores/as sociais de carácter interino, xunto coas bases da convocatoria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello no prazo de sete (7) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria xunto coas súas bases no Boletín Oficial da provincia. Anuncio que será publicado igualmente, tamén xunto coas Bases desta convocatoria, na páxina web do Concello de Cambre: www.cambre.org, e nos taboleiros de anuncios municipais.

As bases reguladoras da convocatoria son as seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA DE OPOSICIÓN PARA A ELABORACIÓN DE RELACIÓN DE CANDIDATOS/AS PARA NOMEAMENTOS DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS INTERINOS/AS

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a elaboración polo sistema de oposición dunha relación de candidatos para a cobertura do posto de funcionario/a interino/a de traballador/a social, encadrado na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnico/a medio/a, pertencentes ao subgrupo "A2" cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan, e consonte principalmente ás disposicións contidas nos seguintes textos normativos:

- Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986.
- Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.

SEGUNDA.- Sistema de selección

Establécese como sistema de selección o de oposición en consideración ás específicas funcións e contido práctico dos postos a cubrir.

TERCEIRA.- Requisitos dos/das aspirantes

Para ser admitidos neste proceso selectivo será necesario:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles outros estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír ou estar en condicións de obter a titulación universitaria de grao ou diplomatura en Traballo Social ou equivalente. As persoas solicitantes con títulos obtidos no estranxeiro deberán acreditar, se é o caso, que posúen a correspondente validación ou acreditación de equivalencia..
- d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das tarefas do posto.

- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- f) Ter abonada a taxa correspondiente.
- g) Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e conservaranse, cando menos, ata a data de nomeamento.

CUARTA.- Solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello no prazo de sete (7) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria xunto coas súas bases no Boletín Oficial da provincia. Anuncio que será publicado igualmente, tamén xunto coas Bases desta convocatoria, na páxina web do Concello de Cambre: www.cambre.org, e nos taboleiros de anuncios municipais.

As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16-4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar en solicitude dirixida á Alcaldesa do Concello de Cambre, na que farán constar que reúnen tódolos requisitos sinalados na base terceira anterior.

Teranse que presentar en orixinal ou copia compulsada os documentos que se presenten de maneira presencial a través das outras oficinas relacionadas no artigo 16-4 da Lei 39/2015 indicada, ben para a súa dixitalización ou ben para a súa directa remisión se carecen de rexistro electrónico.

Os/As interesados/as responsabilizaranse da veracidade dos documentos que se presenten.

Xunto coa solicitude achegarán:

- Fotocopia do DNI.
- Xustificante de ter efectuado o pagamento dos dereitos de inscrición. A ausencia do pago das taxas por dereitos de exame por parte do/a aspirante dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante.
- Certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou título equivalente a efectos de acreditar quedar exento do exercicio de lingua galega.
- Sen perxuízo de que os aspirantes poidan realizar os exercicios en lingua galega ou castelá, na solicitude deberán indicar cal destas linguas é pola que optan para a realización do exercicio, sendo por defecto a lingua castelá a que se utilizará para a realización do mesmo.

QUINTA.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que será publicada nos taboleiros de edictos deste Concello e na páxina web municipal, concedéndose o prazo de tres días para reclamacións. Ditas reclamacións, se as houbera, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará a lista definitiva. A resolución definitiva publicarase nos Taboleiros de Edictos do Concello e na páxina web municipal, coa designación do tribunal cualificador, lugar, data e hora do primeiro exercicio.

SEXTA.- Dereitos de inscrición

Coarenta (40) euros, segundo o establecido na ordenanza fiscal número 6, cunha redución do 50% para os aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de 6 meses anteriores á data desta convocatoria, feito que deberán xustificar mediante un certificado de períodos de inscrición emitido polo Servicio Público de Emprego.

O ingreso do importe da taxa poderá realizarse mediante autoliquidación da taxa na Sede Electrónica do Concello de Cambre/Oficina Virtual Tributaria e posterior pago por vía telemática, a través da mesma páxina web municipal ou das pasarelas de pagos das propias entidades financeiras, Abanca e Banco Santander, que actúan como colaboradoras na recadación municipal.

SÉTIMA.- Desenvolvemento da oposición

Consistirá na realización de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Primeiro exercicio:

Este exercicio consistirá en contestar por escrito no tempo máximo dunha hora un cuestionario tipo test de cincuenta (50) preguntas máis catro (4) de reserva con catro respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta. Ditas

preguntas versarán sobre o temario que figura no Anexo destas bases, e formularanse polo Tribunal cualificador inmediatamente antes da realización do exercicio.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais e regulamentarias vixentes na data de publicación no Boletín Oficial da Provincia destas bases.

A puntuación máxima a outorgar será de 10 puntos, valorándose con 0,20 puntos cada unha das preguntas contestadas correctamente e penalizando con 0,07 puntos cada resposta contestada erróneamente; as preguntas non contestadas non penalizarán.

Os/As aspirantes serán convocados/as para este exercicio nun único chamamento, sendo excluídos/as da oposición os/as que non comparecesen, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e discrecionalmente apreciados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas da ausencia formularanse e, no seu caso, presentaranse dentro das 24 horas seguintes á celebración deste exercicio.

O Tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para garantir o anonimato dos/as aspirantes na realización e corrección do exercicio.

Os/As aspirantes non poderán usar durante a realización do exercicio dispositivos de telefonía móbil, pulseiras electrónicas, reloxos ou calquera outro sistema que permita emisión ou recepción de comunicacións, podendo controlarse este extremo en calquera momento polo Tribunal cualificador.

Para a realización deste exercicio será requisito que os/as aspirantes concorran provistos/as de bolígrafo azul ou negro e documento nacional de identidade, pasaporte, permiso de condución ou documento de identificación persoal oficial (no caso de non posuír a nacionalidade española) en vigor que acredite de forma indubitada a súa identidade.

Rematado o exercicio da oposición e unha vez cualificado, o Tribunal cualificador fará pública no taboleiro de edictos do Concello de Cambre e na páxina web deste (www.cambre.es) a relación dos /as aspirantes coa puntuación outorgada xunto coa plantilla de respostas correctas.

Durante o prazo de tres (3) días hábiles seguintes a esta publicación poderán formularse polos/as interesados/as alegacións, que se presentarán por escrito en calquera dos lugares habilitados pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, para a presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o prazo de alegacións, o Tribunal cualificador resolverá estas e publicará as puntuacións definitivas. No caso de que no prazo sinalado non se presentaran alegacións entenderase definitiva a primeira publicación realizada.

Segundo exercicio:

Proba de lingua galega: Consistirá na tradución sen dicionario, nun tempo máximo de media hora, dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán, a proposta do tribunal.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto.

Están exentos de realizar este exercicio os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou título equivalente.

OITAVA.- Cualificación da oposición

O exercicio da oposición será cualificado ata un máximo de 10 puntos, sendo eliminados os/as aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos.

No caso de producirse empate na puntuación final do proceso selectivo entre varios aspirantes, a orde establecerase por sorteo.

NOVENA.- Tribunal cualificador

Con arranxo aos principios de imparcialidade e profesionalidade e de conformidade cos artigos 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 e 59 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, o Tribunal estará constituído por 5 membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo das Administracións Públicas, que deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo.

O tribunal estará constituído por un/unha presidente/a, secretario/a e tres vocais e a designación nominal dos/das mesmos/as e dos/das seus/súas suplentes realizarase a través da resolución municipal que aprobe a lista definitiva de admitidos/excluídos a este proceso selectivo e será publicada coa mesma.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos/as que legalmente os/as substitúan.

Os membros do tribunal están suxeitos ó disposto no artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre causas de abstención e recusación, e aos dereitos por indemnización por asistencia, do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

DÉCIMA.- Relación de candidatos/as para nomeamentos

A lista coa totalidade dos admitidos que aprobaran a oposición e coa puntuación acadada na mesma, quedará para poder ser utilizada para nomeamentos de traballador/a social interino/a.

Esta relación confeccionada por orde de puntuación de maior a menor publicárase na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios municipal e poderá ser utilizada, respectando sempre a orde de puntuación, ata que se confeccione unha nova lista, tendo en todo caso unha duración máxima de dous anos contados a partir da publicación da mesma na páxina web municipal.

No caso de empate na puntuación final estarase ao establecido na base oitava das presentes.

É condición inescusable para a pertenza á devandita lista o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base terceira das presentes.

Os que formen parte da mesma poderán ser chamados para cando se dean calquera das circunstancias que recolle o artigo 10.1 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015.

Nese caso elaborárase o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento dos supostos expostos no parágrafo anterior así como a existencia de crédito orzamentario, procedéndose ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese no prazo máximo improrrogable de un día hábil (24 horas) dende o chamamento, e por escrito, se se tratase de renuncia ao posto ofertado, transcorrido o cal entenderase que renunciou e pasarase ao chamamento do seguinte da lista. Os chamamentos realizaranse mediante anuncio da oferta no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Cambre e por vía telefónica, realizándose un máximo de tres chamadas entre as 9:00 e as 15:00 horas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas, do que deberá quedar constancia no expediente mediante dilixencia emitida polo/a funcionario/a que realice os chamamentos.

Simultaneamente á chamada telefónica enviarase un correo electrónico ao/á candidato/a do que quedará constancia no expediente.

Os/As integrantes da relación serán responsables de manter actualizados os seus datos de contacto, comunicando calquera cambio de correo electrónico e/ou teléfono dos facilitados na solicitude.

Cando un/ha dos/as aspirantes incluídos na relación fose chamado/a para ocupar un posto, ao rematar o período de servizo recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado/a para un novo nomeamento.

Cando un/ha dos/as aspirantes non acepte un chamamento, pasará ao último lugar da relación de candidatos/as e unicamente volverá a ser chamado/a cando fosen chamados/as tódolos/as restantes aspirantes da relación, salvo que nese momento poida acreditar que se atopa de baixa médica, embarazo, descanso por nacemento e coidado de menor, enfermidade grave dun familiar ata o segundo grado ou que se atope traballando, onde poderá manter o seu posto na lista, previa xustificación documental da circunstancia na que se atopa.

No caso de que existiran varias vacantes simultáneas que deban ser cubertas coa presente relación de candidatos, a orde de provisión se realizará por orde de lista, de tal xeito que ao primeiro clasificado se lle dará a escoller entre os diferentes postos vacantes para que este elixa a que desexe cubrir e así sucesivamente pola orde que ocupasen os/as aspirantes na relación de candidatos/as ata cubrir a totalidade das vacantes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Presentación documentos.

No prazo de 3 días, contado dende o día seguinte ao do chamamento, o/a aspirante chamado/a para o servizo deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello os documentos que seguidamente se relacionan:

- a) Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar co orixinal para compulsar.
- b) Fotocopia do título esixido que debe acompañar do seu orixinal para ser debidamente compulsado, ou, no seu defecto, o xustificante de ter abonado os dereitos para a súa expedición. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de remate do prazo de presentación das solicitudes de admisión no proceso selectivo, deberán xustificar debidamente o momento de remate dos estudos correspondentes.

- c) Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- e) Certificación oficial acreditativa de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes tarefas ou funcións.

Os/As aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes da Consellería de Política Social da Comunidade Autónoma de Galicia (Xunta) que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Os/As que dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser nomeados/as, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incurrir por falsidade na súa instancia solicitando participar no proceso selectivo. Neste caso, igual que para a renuncia, será proposto/a para o seu nomeamento o/a seguinte aspirante por estrita orde de puntuación da lista de candidatos/as para nomeamentos interinos.

DÉCIMO SEGUNDA .- Nomeamento e toma de posesión.

O/A aspirante proposto/a que presente a documentación preceptiva será nomeado funcionario/a interino/a polo Presidente da Corporación ou, no seu caso, o Concelleiro delegado e deberá tomar posesión no prazo de 2 días contados dende o día seguinte ó que se lle notifique o citado nomeamento. Quedará en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixera dentro do prazo sinalado.

DÉCIMO TERCEIRA.- Incidencias.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

DÉCIMO CUARTA.- Impugnación.

Os/As interesados/as poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou ou directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Tribunal de Instancia do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

DÉCIMO QUINTA.- Protección de datos de carácter persoal.

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento. Os datos serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Cambre, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia do DNI, dirixida ao Concello de Cambre.

ANEXO**TEMARIO TRABALLADOR/A SOCIAL**

TEMA 1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I artigo 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.

TEMA 2. O Estatuto de autonomía de Galicia. Título I, título II e título III da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

TEMA 3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV capítulo I e capítulo IV e o título V.

TEMA 4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar, capítulos III e IV.

TEMA 5. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI capítulos III e IV e título VIII.

TEMA 6. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.

TEMA 7. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: título preliminar, título I, título II: capítulos I, II, III, IV, V e XI. Título I da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

TEMA 8. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar e título I.

TEMA 9. O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociaiscomunitarios e a súa financiación.

TEMA 10. Fundamentos, principios e funcións do traballo social. O obxecto do traballo social: suxeito, obxecto e contido. Niveis de intervención no traballo social. O proceso metodolóxico no traballo social: diagnóstico social, planificación, programación, execución e avaliación. Incorporación do principio de transversalidade á planificación social.

TEMA 11. Técnicas en traballo social: instrumentais, de coñecemento, de diagnóstico, de intervención, e de avaliación. Deontoloxía e ética profesional: o código deontolóxico dos/as profesionais do traballo social.

TEMA 12. O traballo social no sistema de servizos sociais. Servizos sociais: concepto. Os servizos sociais e a Administración pública a nivel estatal, autonómico e local, organización e competencias. Os servizos sociais comunitarios.

TEMA 13. Os servizos sociais especializados. Concepto. Competencias, organización. Servizos, prestacións, programas e equipamentos. As institucións e a relación coa sociedade. Intervención social en institucións residenciais.

TEMA 14. Intervención social en infancia e adolescencia. Os malos tratos na infancia. Intervención social con familias: modelos de intervención familiar e diversidade familiar. Acollemento familiar. Adopción. Programas de actuación. Equipos do menor: composición, funcións e metodoloxía de intervención. Medidas de protección de menores.

TEMA 15. Intervención coas mulleres en situación de vulnerabilidade. Violencia de xénero e violencia doméstica: definición. Políticas de igualdade en Galicia: recursos, organización administrativa.

TEMA 16. Intervención social coas persoas maiores: o traballo social coas persoas maiores, en institucións e na comunidade. Necesidades sociais e recursos. O idadismo e a discriminación das persoas maiores no exercicio dos seus dereitos. O maltrato nas persoas maiores: físico, psicolóxico, emocional. Actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou con discapacidade en Galicia.

TEMA 17. Intervención social e condutas aditivas. A Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024: problemas asociados ao consumo e ás condutas aditivas e o seu impacto social, obxectivos xerais, valores e principios reitores. O Plan de Trastornos Aditivos de Galicia: principios reitores, obxectivos xerais e liñas estratéxicas.

TEMA 18. Intervención social e inclusión social: Pobreza e exclusión social: conceptos. Grupos de poboación vulnerables: necesidades sociais e recursos.

TEMA 19. Intervención social e espazo sociosanitario. O Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia: perfís de persoas con necesidades sanitarias e sociais e liñas de actuación. A Rede Galega de Atención Temperá e o Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.

TEMA 20. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia: Título preliminar e Título I.

TEMA 21. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia: Títulos II, III, IV, V, VI e VII.

TEMA 22. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia: Títulos VIII, IX, X e XI e disposición adicionais.

TEMA 23. O sistema español de Seguridade Social. Prestacións non contributivas. modalidades e requisitos. A Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital: requisitos e obrigas dos beneficiarios.

TEMA 24. Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia: título preliminar, título I e título II.

TEMA 25. O Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.

TEMA 26. O Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu custo: título I, título II e título III. Compatibilidade dos servizos e prestacións para a atención das persoas en situación de dependencia.

TEMA 27. A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

TEMA 28. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: título I e título II.

TEMA 29. A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. A renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e as axudas de inclusión social (AIS) e a súa regulación no Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.

TEMA 30. Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: Disposicións xerais. Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Apoio á conciliación e á corresponsabilidade.

Cambre, 19 de maio de 2026

O concelleiro delegado

P.D. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Rubén Vázquez Pérez

2026/3279